

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Vigo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato C e D do IES República Oriental do Uruguai que cursa a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. O grupo C está formado por 18 alumnos e alumnas que proceden dun grupo mixto de bacharelato de Humanidades e CC.Sociais, e o grupo D está composto por 24 alumnos e alumnas dun grupo puro de Ciencias Sociais.

Durante o curso 2023-24 imparte esta materia a xefa do departamento: M<sup>a</sup> Trinidad Santamaría Fernández.

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.

O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O Decreto 157/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en 4 bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos:

1. A empresa e a súa contorna: que se centra en coñecer a orixe dun proxecto empresarial nunha contorna cambiante e a importancia da innovación como factor clave de supervivencia.
2. O modelo de negocio e de xestión: analiza as diferentes áreas funcionais da empresa que constitúen a base de calquera modelo de negocio.
3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión: ofrécelle ao alumnado exemplos actuais de modelos de negocio inspiradores para novas propostas e as ferramentas creativas e innovadoras que poden ser aplicadas nas diferentes fases do proceso.
4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación: está realcionado coas ferramentas que permiten analizar a viabilidade do proxecto.

A empresa ten un significado social, crea emprego, canaliza a renda e, por conseguinte, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola responsabilidade social corporativa e adaptada á realidade actual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Empresa. Localización e dimensión. Clases de empresas e formas xurídicas.	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Localización e factores de localización. Dimensión e estratexias de crecemento. Clasificación de empresas. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Características das principais formas xurídicas.	9	12	X		
2	O emprendemento	A persoa emprendedora. Muller emprendemento e inclusión. O empresario/a. A contorna da empresa. A responsabilidade social	8	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A organización na empresa	As funcións internas da empresa. A dirección da empresa. Características organizativas e funcionais da empresa	8	8	X		
4	O persoal da empresa. A xestión dos recursos humanos.	Selección de persoal. Contratación e relacións laborais. Funcionamento dos equipos de traballo. Políticas de igualdade e inclusión	8	10	X		
5	A función produtiva.	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos. Custos de produción. Factores determinantes da produtividade. Formas de adquisición da tecnoloxía.	9	10	X	X	
6	A función comercial.	Análise do consumidor. Estratexias de marketing.	9	8		X	
7	A dixitalización e os novos modelos de negocio	A dixitalización e as novas tecnoloxías. A industria 4.0. O modelo de negocio. Padróns de modelo de negocio	8	8		X	
8	A innovación nos modelos de negocio	A innovación na empresa. Estratexias de innovación: a empresa ambidestra. Ferramentas para innovar no negocio e na xestión	8	8		X	
9	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Análise dos estados financeiros. Fiscalidade empresarial. Obrigas contables.	10	12			X
10	A situación financeira da empresa. Análise e interpretación dos estados contables	Análise patrimonial. Análise financeiro. Análise económico	8	12			X
11	A función financeira e de investimento.	Fontes de financiamento. Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento.	10	12			X
12	Simulación dun modelo e plan de negocio.	Contexto do modelo de negocio. Análise DAFO. Planificación e viabilidade.	5	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Empresa. Localización e dimensión. Clases de empresas e formas xurídicas.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Identificar o papel e as características das pemes e as empresas internacionais	PE	90
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Analizar, en supostos prácticos, os distintos criterios de clasificación de empresas. Identificar a forma xurídica máis apropiada dadas as características da empresa ou viceversa		
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Describir os factores de localización das empresas e as súas repercusións Recoñecer os criterios para determinar a dimensión das empresas Identificar as diferentes estratexias que adopta a empresa no seu crecemento		
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Recoñecer o papel da empresa na sociedade, as súas funcións, obxectivos e elementos	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O emprendemento	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Identificar o concepto de emprendemento. Detallar as dificultades do emprendemento feminino Recoñecer as funcións do empresario/a Identificar o concepto de empresario/a ao longo da historia	PE	100
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Recoñecer os factores da contorna empresarial a partir de casos prácticos: contorna xeral e específica. As forzas de Porter Identificaros aspectos da responsabilidade social corporativa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O empresario ou a empresa. Perfís.</li> <li>- O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A organización na empresa	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Identificar as áreas funcionais da empresa Describir as funcións da dirección Explicar e identificar as estruturas organizativas e os tipos de comunicación na empresa	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empresa e modelo de negocio.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O persoal da empresa. A xestión dos recursos humanos.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar as funcións da área de recursos humanos. Identificar as características das teorías da motivación. Sinalar as principais políticas laborais de igualdade e inclusión Recoñecer os principais contratos laborais	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.</li> </ul>	

UD	Título da UD	Duración
5	A función produtiva.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Calcular e interpretar a produtividade e a súa relación cos salarios. imo de Calcular o stock: precio medio ponderado e FIFO	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Identificar e calcular os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa. Calcular, interpretar e representar graficamente o limiar de rendibilidade. Calcular, interpretar e representar o limiar de produción		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estructura de custos: clasificación e cálculo de custos. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
6	A función comercial.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Identificar e interpretar as diferentes estratexias de marketing. Identificar as fases da investigación de mercados Aplicar criterios e estratexias de segmentación de mercados. Identificar as fases do ciclo de vida dos produtos	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.



UD	Título da UD	Duración
7	A dixitalización e os novos modelos de negocio	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Explicar novos patróns de modelos de negocio	PE	70
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Elaboración dun CANVAS para unha proposta de modelo de negocio concreta		
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Identificar tecnoloxías dixitais que poderían mellorar os procesos nas empresas	TI	30
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Identificar e diferenciar os modelos de negocio tradicionais dos novos modelos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- Empresa e modelo de negocio.</li> <li>- O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio.</li> <li>- O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións.</li> <li>- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.</li> <li>- Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.</li> <li>- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A innovación nos modelos de negocio	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Explicar o proceso de I+D+i Identificar os diferentes tipos de innovación e as súas repercusións	PE	60
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Identificar as estratexias que se poden aplicar relacionadas co I+D+i		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Identificar ferramentas para transmitir ideas e presentar proxectos de empresa		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Recoñecer e explicar as diferentes figuras de protección dos resultados da investigación e actividade creativa		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Aplicar diferentes ferramentas para a innovación en modelos de negocio e xestión	TI	40
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Empregar diferentes técnicas de visual thinking para comunicar organizar e sintetizar ideas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- O punto de vista dos clientes: mapa de empatía.</li> <li>- A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.</li> <li>- A competencia e os nichos de mercado.</li> <li>- As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.</li> <li>- As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías.</li> <li>- A protección da idea, do produto e da marca.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identificar os elementos e principais tributos que afectan á actividade empresarial Aplicar os tributos correspondentes ás contas de resultados	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Elaborar en supostos prácticos o balance de situación e a conta de resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.</li> <li>- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.</li> <li>- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	A situación financeira da empresa. Análise e interpretación dos estados contables	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Analiar e interpretar a situación económico-financiera da empresa a partires do cálculo de ratios financeiros e económicos	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Identificar as situacións de equilibrio ou desequilibrio financeiro a partires da elaboración da información contable e, no caso de desequilibrios, elaborar propostas de mellora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.</li> <li>- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.</li> <li>- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	A función financeira e de investimento.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Identificar as posibilidades de financiamento das empresas. Aplicar a proxectos sinxelos distintos métodos de selección de investimentos e interpretar os resultados acadados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
12	Simulación dun modelo e plan de negocio.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Elaborar a conta de resultados previsional da proposta de modelo de negocio. Calcular o limiar de rendibilidade da proposta de modelo de negocio.	PE	30
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Analizar a contorna xeral e específica da proposta de modelo de negocio.	TI	70
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar unha proposta de plan de negocio básico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.
- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.
- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.

## Contidos

- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio será eminentemente práctica e aínda sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada a dar unha explicación e un mellor coñecemento dunha sociedade onde os fenómenos empresariais e a innovación desempeñan un papel importante.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados cos problemas empresariais e da súa contorna, para desenvolver nos alumnos actitudes críticas e autonomía fronte a tales problemas, que os forme como cidadáns responsables e sensibles co mundo que nos rodea.

- Utilizaranse diversas técnicas (tormenta de ideas, resolución de cuestións, lecturas...) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles erros na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir añadiendo novos coñecementos de maneira lóxica.

- Darase prioridade á comprensión da contidos -memoria comprensiva- e á súa funcionalidade, de modo que poidan relacionalos coa súa contorna real.

- Realizaranse actividades de comprensión e motivación con un secuencia lóxica e progresiva que xeren un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos.

- Empregaranse distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas mentais, etc.).

- Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mesmo.

- Realizaranse traballos de investigación sobre os aspectos máis relevantes do tecido empresarial da contorna dos alumnos, que en ocasións deberán expor en público ante os seus compañeiros, para favorecer a comunicación e a linguaxe escrita e oral.

- Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.

- Exporanse actividades de reforzo para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos e actividades de ampliación para os alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

- Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

- Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

- Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo.

- Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

- A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- Introducción á unidade de traballo co fin de motivar aos alumnos/as.

- Análise dos coñecementos previos dos alumnos/as.

- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.

- Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas.

- Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo, cando sexa posible.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.

- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula virtual do centro
Servizo de videoconferencia: Webex
Software específico libre.
Actividades complementarias.

- Empregarase como libro de texto obrigatorio "Empresa y Diseño de Modelos de Negocio". Editorial MacGraw Hill. Ano 2023. Autores Alfaro Giménez, J. , Pina Massachs, M e González Fernández, C
- Na aula virtual do centro estarán dispoñibles presentacións, ampliacións, actividades así coma documentos e enlaces a outros recursos dixitais. O material recollido na aula virtual completa e non substitúe ao libro de texto, agás para aqueles contidos puntuais que non estean ben recollidos no libro segundo o criterio da profesora. Empregarase en ocasións como media para entrega de tarefas ou realización de cuestionarios e outros traballos.
- Dada a configuración dos horarios dos grupos do centro, non é posible o uso das aulas de informática nos dous grupos de 2º de bacharelato. Só o grupo de 2º bacharelato C ten unha hora a semana na aula de informática 1.
- Os recursos dos que dispón a aula na que se imparten as clases son portátil do profesor e pizarra dixital. O alumnado poderá empregar o móbil como recurso didáctico soamente cando a profesora o considere necesario e o autorice
- Nos casos nos que sexa preciso o ensino a distancia empregarase o servizo de videoconferencia Webex

Outros recursos e materiais:

- Impresos oficiais de impostos e outros tributos.
- Recibos de nóminas.
- Estatuto dos Traballadores.
- Plan Xeral de Contabilidade 2008.
- Modelos de contratos de traballo.
- Código de Comercio e Leis Mercantís.
- Exámenes ABAU
- Fotocopias de artigos seleccionados.
- Folletos publicitarios de supermercados.
- Estados financeiros de empresas reais.

Páxinas web: (a maioría enlazadas na aula virtual do centro)

- [www.ipyme.org](http://www.ipyme.org) páxina web da Dirección Xeral de Política da PEME (pequena e mediana empresa) do Ministerio de Economía.
- [www.eugo.es](http://www.eugo.es) portal que no que se pode atopar información sobre o conxunto de trámites e requisitos necesarios para levar a cabo unha actividade empresarial.
- [www.ventanillaempresarial.es](http://www.ventanillaempresarial.es) web dos portelos únicos empresariais de apoio a emprendedores.
- [www.igape.es](http://www.igape.es) web do Instituto Galego de Promoción Económica con numerosos recursos de formación e asesoramento para o emprendedor.
- [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es) portal da Axencia Española de Administración Tributaria.
- [www.ouepm.es](http://www.ouepm.es) web da Oficina Española de Patentes e Marcas. Ten un xogo de marcas.
- [www.rmc.es](http://www.rmc.es) web do Rexistro Mercantil Central.
- [www.sepe.es](http://www.sepe.es) páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal con ampla información sobre o mercado

- laboral: contratos, prestacións, estatísticas, etc.
- [www.seg-social.es](http://www.seg-social.es) portal da Seguridade Social.
  - Blogs de economía.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	90	100	100	100	100	100	70	60	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	10	0	0	0	0	0	30	40	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	30	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	70	<b>10</b>

#### Criterios de cualificación:

Os diferentes procedementos e criterios que se utilizan ao longo do curso son:

- Observación detida na aula do traballo diario, cooperación e participación de cada alumno/a así como a súa expresión oral.
- Corrección dos exercicios obrigatorios de clase, que permitirá observar se se realizan os traballos encomendados, así como a súa capacidade de comprensión e de síntesis, a súa expresión escrita e gráfica, o orden na exposición etc...
- Exercicios escritos, nos que se incluírán:
  - Probas obxectivas: definicións, asociación de conceptos, coas que se pretende medir a memorización de información relevante, a tecnoloxía, o dominio de linguaxe económico, etc
  - Elaboración e comentario de actividades, exercicios, gráficos, cadros estatísticos, contas anuais e textos económicos, que mostren a destreza na súa elaboración, a capacidade de análise dos datos económicos e contables, e de interpretación e crítica das mensaxes e informacións que reciben.
- Valoración dos traballos obrigatorios tanto individuais como en grupo, orais ou escritos. Valorarase de forma prioritaria a destreza na busca e selección de fontes de información, a capacidade de análise da información e de establecer conclusións.
- Valoración dos traballos voluntarios, orais ou escritos. Valorarase de forma prioritaria a destreza na busca e

selección de fontes de información, a capacidade de análise da información e de establecer conclusións

A valoración de traballos e probas irá de 0 a 10 puntos

Cualificación de cada avaliación parcial:

Faranse un mínimo de dous exames (probas orais ou escritas) por avaliación, debendo obter en cada un deles unha puntuación mínima de 4,5 puntos. Para o cálculo da cualificación de cada avaliación trimestral farase unha media aritmética das calificacións obtidas en cada unha desas probas. O valor desa media deberá ser  $\geq 5$  puntos.

Non se realizará a media anteriormente mencionada, e por tanto suspendería a asignatura, o alumno que obtivese unha calificación inferior a 4,5 puntos en calquera dos dous exames.

Tampouco se realizará a media se na realización dalgunha das probas das avaliacións o alumno/a utiliza auriculares, teléfonos, tabletas, "pinganillos" ou cualquier outro dispositivo electrónico ou "chuletas". Nestes casos, a nota da proba será 0. A avaliación correspondente estará suspensa na súa totalidade e solo poderá recuperarse na avaliación ordinaria, ou extraordinaria no seu caso.

Non se puntuarán aqueles traballos que supoñan plaxio ou que non se poda demostrar a súa autoría, e polo tanto non contarán para a avaliación.

Unha vez realizada a media, e só se está e igual ou superior a un 5, poderá sumarse ata 1 punto en función dos resultados da observación directa e sistemática do traballo (OD) e da produción do alumno durante o trimestre.

Unha vez realizada a media aritmética dos exames e sumado o punto mencionado no parágrafo anterior, obterase a cualificación da avaliación.

Cualificación avaliación ordinaria:

O resultado da avaliación final ordinaria do mes de maio obterase mediante unha media aritmética simple das calificacións das tres avaliacións. O alumno deberá ter todas as avaliacións aprobadas para superar a materia na avaliación final ordinaria

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita de recuperación que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Esta proba realizarase ao remate de cada avaliación parcial. A avaliación quedará aprobada se nesa proba o alumno/a acada unha puntuación maior ou igual a 5 puntos.

O alumnado que despois das recuperacións non superou algunha ou algunhas das avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final, que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A cualificación para superar as avaliacións deberá ser  $\geq 5$  puntos.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación/s da proba final correspondente ás avaliacións non superadas. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado,



tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

A profesora colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X		X	X	X	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X		X	X	X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X	X		X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X		X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X		X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X		X	X
ET.5 - Creatividade.	X			X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X		X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X		X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X		X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X		X	X

#### Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Educación en xustiza	Asistencia a un xuízo de carácter laboral		X	
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.

Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
<b>Clima de traballo na aula</b>
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.

Outros
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

### Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Realizarase a avaliación do ensino e a práctica docente, a través dos seguintes cadros s indicadores valorados de 1 a 4 : 1 (Nunca) 2 (Poucas veces) 3 (Case sempre) 4 (Sempre)

#### I. PLANIFICACIÓN

Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área.

Expoño os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as competencias que os meus alumnos e alumnas deben conseguir.

Selecciono e secuencio os contidos cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.

Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos.

Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustado o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos.

Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación

Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.

Observacións e propostas de mellora

#### II. REALIZACIÓN

Motivación inicial dos alumnos

Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.

Expoño situacións introductorias previas ao tema que se vai a tratar.

Motivación ao longo de todo o proceso

Manteño o interese do alumnado partindo de as súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.

Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real.

Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.

Presentación dos contidos

Relaciono os contidos e actividades cos coñecementos previos dos meus alumnos.

Estruturo e organizo os contidos dando una visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas, etc.)

Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc.

Actividades na aula

Expoño actividades variadas, que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.

Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.

Recursos e organización da aula

Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase).

Adopto distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa o adecuado

Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.

Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos

Comprobo que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc.

Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas e asegúrome a participación de todos

Clima da aula

As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula son fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.

Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.

Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas.

Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe

Reviso e corrijo frecuentemente os contidos e actividades propostas dentro e fóse da aula.

Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas.

En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.

En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.

Atención á diversidade

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe

Coordínome con profesores de apoio, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos, etc. e adaptalos aos alumnos con dificultades.

Observacións e propostas de mellora

III. AVALIACIÓN

Teño en conta o procedemento xeral para a avaliación dos aprendizaxes de acordo coa programación de área.

Aplico criterios de avaliación e criterios de cualificación en cada un dos temas de acordo coa programación de área.

Realizo unha avaliación inicial a principio de curso.

Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.

Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre os alumnos.

Habitualmente, corrijo e explico os traballos e actividades dos alumnos e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.

Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...

Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, boletín de información, entrevistas individuais) dos resultados da avaliación.

IV. Observacións e propostas de mellora

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisárase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens como mínimo 1 vez ao mes por parte da profesora que imparte a materia a cada grupo e nas reunións de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

Os procedementos para avaliar esta programación son:

- Comparar mensualmente os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades cos resultados que acada o alumnado na aula.
- Corrixir as desviacións atopadas axustando todos, algúns ou algún deses elementos á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
- Prestar atención número de alumnos que, nas avaliacións trimestrais acadan un resultado positivo, para facer as correccións oportunas.
- Valorar a porcentaxe de alumnado que, despois da avaliación final, superan a materia.
- Recoller na memoria final do curso os erros de programación e as correccións realizadas para que sirvan de base da programación do curso seguinte.

Como instrumento de medida empregarase o seguinte cadro de indicadores:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (valoración nunha escala de 1 a 4)

- 1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os criterios de avaliación para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada criterio para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada criterio o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada criterio un instrumento para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 1.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 7.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 18.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor dos criterios de avaliación?
- 20.- Definíronse actividades de recuperación, etc. vinculadas ao criterios de avaliación?
- 21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado?
- 22.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación?
- 23.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?
- 24.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 25.- Introducíronse axustes e modificacións na programación?
- 26.- As modificacións na programación foron axeitadas?

## 9. Outros apartados